



## PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E MEDIO AMBIENTE NO SECTOR NAVAL

1. Denominación do curso (nome do expediente): Prevención de riscos laborais e medio ambiente no sector naval
2. Contidos:
  - Conceptos básicos sobre seguridade e saúde laboral
  - Lei e Regulamento de PRL. Dereitos e obrigas
  - Riscos de seguridade ligados á área de traballo; instalacións, corredores, escaleiras, espazos
  - Riscos ligados ao ambiente de traballo
  - Equipos de protección persoal
  - Ergonomía: manexo de materiais e cargas
  - Riscos específicos do sector naval
  
  - Introducción ao medio ambiente na empresa
  - Identificación de aspectos ambientais; residuos, emisións, consumos de recursos e enerxía, derrames accidentais, chans, augas, ruído, etc.
  - Requisitos legais básicos que afectan á nosa actividade
  - Almacenamento de sustancias
  - Segregación de residuos
  - Actuacións ante derrames incidentais
3. Horas totais do curso: 16 (8 de PRL especialidade naval + 8 de medio ambiente naval)
4. Lugares de Celebración: No centro municipal de formación IRMÁS FROILAZ, na Gándara
5. Datas previstas do curso: Do 15 ao 18 de febreiro de 2021
6. Horario previsto: De 9:30 a 13:30 horas, de luns a venres.
7. Nº de prazas: 15.

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.

8. Requisitos xerais do alumnado: Maior de 18 anos, desempregado e empadroado no Concello de Narón, e non ter concedido outro curso do programa municipal de formación coincidente temporalmente na realización nin haber tido unha avaliación negativa en cursos da nosa programación municipal neste mesmo sector de actividade nos últimos 3 anos. O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso. O empadramento verifícase polo Concello o último día



de prazo de presentación de solicitudes. O requisito de desempregado acreditarase o día de inicio do curso, coa tarxeta de desemprego actualizada.

9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 1 de febreiro, ás 8:30 horas ata o 8 de febreiro de 2021, ás 13:30 horas.

A presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Narón faranse dentro do horario do Rexistro Xeral (8:30 – 13:30 horas).

11. Selección do alumnado Por rigorosa orde de inscrición no rexistro. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes.
12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación a Actividades Municipais da páxina web do Concello ou contactar co Servizo Sociocomunitario, teléfono 981.33.77.00, extensión 1108 e 1109.

13. Observacións: Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas. O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión, para a confirmación da praza. No caso de non ser localizado telefonicamente despois de realizar catro chamadas en horarios diferentes en dous días consecutivos, será excluído e non figurará na listaxe definitiva. O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.

O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso, incluída a normativa en materia de seguridade e hixiene.

As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego. De non acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.